



## II PREMIO PLATTA DE TEATRO BREVE

Co obxectivo de estimular a escrita teatral e promover tanto a súa tradución como a súa difusión nos diferentes territorios que configuran a Plataforma Transfronteiriza de Teatro Amador, convócase o presente Premio PLATTA de Teatro Breve en tres linguas.

### REGULAMENTO

#### PRIMEIRO

O PREMIO PLATTA DE TEATRO BREVE estruturase ao longo do ano en tres certames que se corresponden coa lingua do territorio que acolle cada un dos festivais transfronteirizos:

- Premio PLATTA de Teatro Breve, de Castilla y León (castelán).
- Premio PLATTA de Teatro Breve, de Galicia (galego).
- Prémio PLATTA de Peças Curtas de Teatro, de Portugal (portugués)

#### SEGUNDO

O II PREMIO PLATTA DE PEÇAS CURTAS DE TEATRO – PORTUGAL está aberto a todas as persoas interesadas coa única condición de presentaren o seu traballo en portugués.

#### TERCEIRO

As obras, de temática libre, serán completamente inéditas e terán unha extensión de 5 a 10 páxinas. O material deberá enviarse por correo electrónico **premiosplatta@erreguete.gal** en formato pdf (DIN A4, letra Times New Roman 12) e con marxes de 3 cms. (superior e inferior, dereita e esquerda). O texto levará no seu inicio o TÍTULO, que aparecerá tamén no asunto do correo. Do mesmo xeito, noutro correo electrónico que levará como asunto TÍTULO DO TEXTO – AUTORÍA, xuntarase un documento no que figure o TÍTULO e AUTORÍA (nome, apelidos, enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico).

#### CUARTO

O prazo de admisión dos orixinais para a presente convocatoria remata o 20 de agosto de 2020.

#### QUINTO

O texto gañador será levado á escena nos obradoiros de lecturas dramatizadas en tres linguas que se desenvolven dentro do programa do II Festival Transfronteirizo de Teatro Amador de Viana do Castelo. A peza gañadora será publicada en tres linguas na colección *Platta da erregueté – Revista Galega de Teatro*. Cada autor ou autora premiada será agasallado con 15 exemplares do caderno e un diploma acreditativo.

#### SEXTO

O xurado estará formado por un secretario con voz e sen voto designado pola organización e tres persoas relacionadas co mundo teatral. A composición do xurado farase pública no momento de se producir o seu ditame. O xurado actuará en pleno, en sesión única e o seu ditame será inapelable.

#### SÉTIMO

O xurado terá de prazo 10 días útiles a contar desde o peche de cada un dos prazos para comunicar a súa decisión, que se dará a coñecer á prensa e aos premiados.

#### OITAVO

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.